

De Xaquín Lorenzo á investigación etnográfica actual: un comentario provisional

Xosé Antonio Fidalgo Santamariña

Os que tivemos a fortuna de tratar a D. Xaquín Lorenzo, tamén somos testemuñas de como empregaba a analoxía etnografía para explica-lo noso pasado cultural desde o presente, e de como concibía a Etnografía como unha ciencia subordinada á Historia, condición esta da que aínda non se librou de todo aínda que a Etnografía, a Historia, e a Antropoloxía sexan disciplinas separadas e independentes.

Dentro da Etnografía, a persoa de D. Xaquín estaba unida ó que se ven denominando ‘as técnicas tradicionais’ ou “a tecnoloxía tradicional”, liña de estudo na que traballou a reo para chegar a comprende-las raíces e natureza cambiante da ‘tecné’ do sistema de cultura e súa substitución por outra nova, e avanzar por medio deste tipo de estudos no coñecemento dos trazos propios do noso sistema sociocultural.

Desde moi cedo contaxiouse D. Xaquín do espírito dos homes da xeración NOS, vivindo especialmente o dos seus mestres ourensáns F. López Cuevillas, R. Otero Pedraio e Vicente Risco, que, polo demais, eran ‘veciños da porta’. Ó seu carón, consagrouse ó estudo da *tecnoloxía tradicional*, non sómente para

enche-lo baleiro que sobre esta temática existía antes del, senón para integrar estas actividades e habilidades artesanais dentro dun estudo do sistema de cultura de Galicia, tendente a fundamentar e a defender unha idea de Galicia portadora dunha personalidade e identidade propias. No seu caso, farao desde este estudo da denominada ‘cultura material’, e, dentro del, dos oficios e técnicas artesáns, temática de investigación no que chegou a ser unha figura senlleira.

Cando estamos rematando o centenario conmemorativo do seu nacemento e os setenta e cinco anos desde a publicación dos seus primeiros traballos, continúaase en boa medida a proceder no eido da investigación dos elementos do sistema de cultura tradicional, do xeito que el procedía para contacto cos portadores de saber daquela época. Hoxe en día continuamos visitándoos nos seus obradoiros e recibindo as informacións ‘in situ’ sobre aqueles elementos que distinguen os oficios e habilidades que teñen. Igualmente coidamos que os elementos técnicos observados e demais aspectos sociais do oficio que consideramos, sexan presentados o máis obxectivamente posible, tal como require o discurso científico actual. Pero tamén é certo que despois



F. López Cuevillas. Gravado de Conde Corbal.

Desde moi cedo contaxiouse D. Xaquín do espírito dos homes da xeración NÓS, vivindo especialmente o dos seus mestres ourensáns F. López Cuevillas, R. Otero Pedraio e Vicente Risco, que, polo demais, eran 'veciños da porta'.

dun século de evolución da metodoloxía de investigación social, aquela etnografía clásica que el tan ben cultivaba e na que amosou unha competencia recoñecida, xa ten sido hoxe en día superada, entre outras cousas, debido a que aquela Etnografía foise convertendo nunha Etnoloxía que consegue salvar a tradicional distancia entre o que os informantes contan ó observador antropólogo e o que este recada no campo de estudo mediante o emprego da observación participante e a metodoloxía de investigación ó uso na actualidade.

Ven sendo, pois, no tipo de metodoloxía e enfoques teóricos empregados onde se sitúan as diferenzas que achamos nos actuais estudos que se levan a cabo sobre as temáticas que ocuparon a D. Xaquín Lorenzo. Cando ollamos o estudo de temas abor-

dados polo ilustre etnógrafo en colaboración con outros membros da xeración NÓS, e os comparamos con algúns elaborados recentemente, notamos como as súas eivas teóricas e metodolóxicas, fillas dun tempo e dun contexto científico de traballo, teñen sido revisadas. De outra banda semella que estes estudiosos actuais do sector material do sistema de cultura tradicional, aínda que non se esquecen do estudo da identidade que proxectan estes elementos patrimoniais, non forman parte do seu propósito inmediato empregalos como defensa dunha identidade galega tal como eles facían, nunha época en que dito fundamento e defensa quedo esgazado pola guerra civil.

Hoxe en día esta meta xa está abondo lograda, e os estudos actuais que acometen os mozos antropólogos non os fan para describi-la natureza da paisaxe, a terra, a xente, a historia, as prácticas económicas, os perfís sociais e simbólicos das comunidades obxecto de estudo, senón e sobre todo, para explicar como estes elementos do sistema de cultura local participan dunha dinámica que os fai mudar radicalmente, ou mesmo desaparecer.

Hoxe en día xa contamos con estudiosos interesados por acoutar obxectos de estudo ben delimitados de centros e periferias urbanas reducidas que posibiliten realizar unha etnografía total capaz de aportar unha resposta á vella dicotomía que aínda existe, entre o rural e o urbano primeiro, e despois entre o local e o global. Este esforzo investigador está dando orixe a algunhas publicacións e estudos dos mozos antropólogos galegos que adoptan o mundo urbano como campo de traballo etnográfico e antropológico, partindo do feito de que a sociedade, e dicir, o mundo actual se urbaniza, e a Antropoloxía social debe tamén urbanizarse e “ser unha disciplina de vangarda que analice, estude e interveña nos problemas creados polo proceso de urbanización” (PEREIRO, 2005). É esta unha das liñas de estudo pola que camiñan algúns antropólogos que estudan algunhas vilas galegas, como a vila de Noia que estuda María Xesús Pena, a de Ribadeo que estuda Manolo Rubal, as de Tui e Valença obxecto de estudo de Enrique Couceiro, a de Palas de Rei, estudada por Xerardo Pereiro, e a vila de Betanzos que ten sido estudada polo profesor X. Antonio Fernández de Rota. Outros antropólogos mostran máis preferencia




Alfareiro de Buño. Debuxo de Conde Corbal.

por outros obxectos de estudo, ou analizan o primeiro nivel do contínuum que vai do mundo rural ó mundo urbano, como o estudo da pequena e perdida aldea de Ulfe da parroquia de Vilaúxe (Chantada), elaborado pola profesora Julia Varela Fernández (2004), ou mesmo algúns proxectos de quen escribe isto (Cfr. Fidalgo, 1988, 2001) elaborados co fin de ir construíndo un discurso cientificamente válido que permita superar esta oposición clásica dos dous planos da realidade galega que xa semella que estamos a piques de superar.

No que atange, por último, á temática da cultura material na que investigou Xaquín Lorenzo, tamén se parte no momento actual duns métodos e teorías diferentes dos que seguía D. Xaquín continuando a liña iniciada pola xeración NÓS e proseguida polos membros do Seminario de Estudos Galegos no campo da Historia e a Etnografía. Pois todos aqueles saberes e habilidades artesás que mobilizan “tecnoloxía tradicional”, consideramos hoxe que deben abordarse a partir dun enfoque non reducible ó mero aspecto de inventario e de manexo técnico, xa que logo comprenden outra manchea de aspectos que deben entrar no estudo que se faga deles. Mesmo

Cando estamos rematando o centenario conmemorativo do seu nacemento e os setenta e cinco anos desde a publicación dos seus primeiros traballos, continúaase en boa medida a proceder no eido da investigación dos elementos do sistema de cultura tradicional, do xeito que el procedía para contacto cos portadores de saber daquela época. Hoxe en día continuamos visitándoos nos seus obradoiros e recibindo as informacións ‘in situ’.




A Xeración Nós por Conde Corbal.

No que atangue, por último, á temática da cultura material na que investigou Xaquín Lorenzo, tamén se parte no momento actual duns métodos e teorías diferentes dos que seguía D. Xaquín continuando a liña iniciada pola xeración NÓS e proseguida polo Seminario de Estudos Galegos no campo da Historia e a Etnografía. Pois todos aqueles saberes e habilidades artesás que mobilizan "tecnoloxía tradicional", consideramos hoxe que deben abordarse a partir dun enfoque non reducible ó mero aspecto de inventario e de manexo técnico, xa que logo comprenden outra mancha de aspectos que deben entrar no estudo que se faga deles.

no que atangue á transmisión das habilidades técnicas a novos aprendices, "cada oficio desenrola seus propios rituais e a miúdo súas formas particulares de transmisión de saberes" (CHEVALIER & CHIVA, 1991:6). Polo demais, quen nos temos ocupado de estudar algúns dos nosos colectivos artesáns tradicionais temos comprobado como mentres algúns deles reservan o saber para transmitilo a membros da familia, como aínda fan os fundidores de campás actuais, outros como os canteiros, telleiros, ou afiadores, o transmiten a mozos alleos á parentela dos respectivos patróns. Pero ademais o estudo debe comprender, xunto cos imprescindibles aspectos técnicos relacionados co desenvolvemento da actividade, aqueloutros relativos á aprendizaxe, linguaxe especial de oficio no caso de que o teña, e a relación do oficio que se trata cos clientes e a comunidade onde o practica o artesán.


Polo demais, tamén se comproba que os oficios non se achan sós, illados, como si se tratara dunhas monadas laibnianas, sen relación algunha cos demais. Moi pola contra observamos que constitúen

un verdadeiro sistema de relacións ás veces complexas. Os pedreiros, canteiros, carpinteiros, ferreiros, ceramistas, cristaleiros, ebanistas, e outros varios artesáns poden aparecer contribuíndo todos eles na construción dunha mesma edificación aldeá, non sendo difícil probar como o mestre *Pedreiro* prepara a pedra, o *canteiro* a coloca na lugar axeitado do muro ou o vao que está a construír, axudado polo *albanel* que distribúe o morteiro de recheo entre as pedras. Ó mesmo tempo o *carpinteiro* está a preparar a madeira que vai empregar nas divisións horizontais e verticais da casa (armazón da cuberta, fiestras, divisións internas e moblaxe), o *telleiro* áchase confeccionando as tellas da cubrición, e o *ferreiro* está invertido na construción das ferraxes que se empregan na fixación de portas, ventás, e nalgún mobiliario doméstico como a gramalleira e potes de face-la comida para os animais e os homes. Tamén o *cristaleiro* corta e prepara os vidros cos que taparán os ocos das fiestras e galerías da casa que se constrúe, e o *ebanista* pónse a construí-lo mobiliario doméstico da cociña e cuartos de durmir. Polas mesmas datas, outros artesáns como o *cunqueiro* ofrecen ó propietario do inmovible as cuncas, culleres e garfos que precisa, o *cacharreiro* as tarteiras, pucheiros e xeras, e a *tecelá* as sabas de liño e mantas de la para as camas de durmir, e aínda se podería continuar coa relación de profesionais que integra este sistema de oficios relacionados, portadores dunhas pegadas culturais que o investigador do tema tentará delimitar, estruturar e tratar de comprender. Pois, sómente desta maneira conseguiremos deixar de considerar cada un estes oficios artesáns como se foran un feito ou “cousa” illada para pasar a tratalos -dándolle a volta á recomendación que fai E. Durkheim para o estudo dos feitos sociais, na primeira regra da obra *As regras do Método Sociolóxico* (Cfr. DURKHEIM, 1974), senón como si se tratara dun “feito social total” seguindo a invitación do clásico Marcel Mauss (1971). En calquera caso considero, con N. Schlanger, que “o feito técnico e un feito social coma os outros, e debe ser estudado no seu contexto, na confluencia das interpelacións que lle confiren o seu sentido” (SCHLANGER, 2001: 122). Trátase dunha orientación de estudo que se debería cultivar aínda que, para elo, sexa pequena a axuda que prestan os estudos que se teñen publicado sobre esta temática desde a perspectiva etnográfica e antropolóxica.



Instrumentos dos cantorleiros: 1, zafra; 2, parafusa; 3, martelo. Debuxo de Xaquín Lorenzo.

O mestre da etnografía, D. Xaquín, contemplaba a descrición dos oficios limitándose á presentación súa da tecné dunha forma sinxela, e ilustrándoa con logrados debuxos do instrumental que constitúen os signos e selos da actividade.



*Proceso de fabricación dun cesto.
Debuxo de Xaquín Lorenzo.*


D. Xaquín tamén realizou o seu estudo dos oficios artesáns, tendo en conta o grado de necesidade de sociedade campesiña do especialista artesán, aspecto que o fará deterse naqueles oficios artesáns relacionados coa produción de bens inmóbles e móbiles moito máis que naqueles outros relacionados co sector servizos.

O mestre da etnografía, D. Xaquín, contemplaba a descrición dos oficios limitándose á presentación súa da *tecné* dunha forma sinxela, e ilustrándoa con logrados debuxos do instrumental que constitúen os signos e selos da actividade. Pero ditos debuxos ilustrativos que son a mellor contribución á obra, tamén se converte nuns indicadores das limitación do autor, ó empregalos como un sabio recurso de recheo dos vacíos de información dispoñible sobre outros aspectos da actividade. Este feito ven a ser, entre outros aspectos menores, no que me separa do 'Xocas', xa que logo se trata dunha limitación que debemos superar, sobre todo se procedemos a observa-los oficios tradicionais observándoos por colectivos de profesionais activos dedicados ó exercizo dunhas actividades especializadas. Doutra banda, D. Xaquín tamén realizou seu estudo dos oficios artesáns, tendo en conta o grado de necesidade de sociedade campesiña do especialista artesá, aspecto que o fará deterse naqueles oficios artesáns relacionados coa produción de bens inmo-

bles e mobles moito máis que naqueloutros relacionados co sector servizos. Por último, D. Xaquín tentou integrar tódolos oficios nun sistema de relacións dentro da vida cotiá campesiña para, con elo, mellor contribuír a ese obxectivo último da obra *Historia de Galiza*, dirixida por R. Otero Pedraio, da que constitúen unha parte, que consistía en fundamenta-la identidade cultural diferenciada de Galicia. Un obxectivo que hoxe en día non hai porque continuar perseguindo xa que logo o temos conseguido abondo, o que permite que á hora de aborda-lo estudo das actuais actividades artesanais nos ocupemos máis das variedades e diferenzas locais que amosan as materias primas e o desenvolvemento destas actividades polos portadores locais que no das súas semellanzas, e comentamos este estudo dos colectivos artesáns tratando de observarlos facendo parte dun subsistema de cultura de oficio, que abrangue unhas pagadas e unha identidade propia a este sector da nosa pluriactividade campesiña tradicional.

BIBLIOGRAFÍA

- CHEVALIER, D. /CHIVA, I (1991): "L'introuvable objet de la transmission", en: CHEVALIER, D. (Dtr.): *Savoir faire e pouvoir transmettre. Transmission et apprentissage des savoir-faire et des techniques*. Editions de la Maison des Sciences de l'Homme. Paris. 1991.
- DURKHEIM, E. (1974): *Las Reglas de Método sociológico*. Ed. Morata. Madrid.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A./ LIMIA GARDÓN, F.J. (2001): *Vilanova dos Infantes. Patrimonio etnográfico de unha parroquia ourensana*. Editorial Auria, Ourense.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A (1988): *Antropoloxía dunha parroquia rural*. Caixa Rural Provincial de Ourense. Ourense.
- MAUSS, M.: (1971) "Ensayo sobre los dones. Razón y forma del cambio en las sociedades primitivas", en: MAUSS, M.: *Sociología y Antropología*. Ed. Taurus, Madrid. Páxs.:156-263.
- PEREIRO PEREZ, X. (2005): *Galegos da vila. Antropoloxía dun espazo rururbano*. Sotelo Blanco edicións, Santiago de Compostela.
- SCHLANGER, N. (1991): "Le fait technique total. La raison pratique et les raisons de la pratique dans l'œuvre de Marcel Mauss", en: *Terrain*, N° 16 (Mars 1991) 114-130.
- VARELA JÁCOME, J. (2004): *A Ulfe. Socioloxía dunha comunidade rural galega*. Ed. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela.



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO "MERO"

Vilalba, xuño 1951

Mestre. Cofundador de "Fuxan os Ventos". Cofundador e membro de "A Quenlla". Ten publicados, entre outros, dous libros en colaboración con Xosé L. Rivas Cruz: *Contos de vellos para nenos* e *Somos lenda viva*.